

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Rúa Estévez, José Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cid Vera, Luis Saúl
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Antonio Carlos
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Pazos Arias, José Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de novembro de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 30 de novembro de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do mércores, 27 de outubro de 2021.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta.

Apróbase por asentimento a acta.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Informes de memorias de titulacións pendentes:
 - Favorable condicionado: Verificación do Grao en Intelixencia Artificial.
 - Pendentes de Verificación: Máster en Intelixencia Artificial, Máster en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua.
- Asuntos diversos:
 - Comisión “A biblioteca que queremos”.
 - Fondos adicionais por valor de 1,5 M€ para eficiencia enerxética e accións nos edificios.
 - Acordo de financiamento, presentarase o día 7 de decembro.
 - Convenio Pontegadea – Facultade de Belas Artes (exposición Peter Lindbergh).
 - Celebráronse sesións de CRUE e Consejo de Universidades sobre a LOSU.
 - Continuamos a traballar cara a posibilidade de instalar a Facultade de Ciencias do Mar na ETEA.
 - Estase a rematar a proposta de campus de especialización de Ourense. Probablemente a avaliación terá lugar ó longo de 2022.
- Desenvolvemento dun asistente virtual para persoas con Alzheimer, con AFAGA e financiado por La Caixa.
- Xornadas sobre financiamento autonómico.
- Exposición “Bernarda Espida” no Edificio Redeiras.
- Tomas de posesión dos novos Catedráticos.
- Xornada Sociedade dixital e xénero: o sesgo da intelixencia artificial.
- Homenaxe da Facultade de Fisioterapia ás ex-alumnas Teresa Portela Rivas e Susana Rodríguez Gacio.
- A Escola de Enxeñaría Forestal, premio “Pontevedreses do ano”.
- Celebrouse o acto de graduación do PUM en Pontevedra.
- Seminario sobre a fenda salarial de xénero nas Universidades.
- Premios Galileo e Copernicus Masters, a estudantes da Universidade de Vigo.
- Acordos en Mesa de Negociación do PDI:
 - Quinquenios e Sexenios de Profesorado Axudante Doutor:

- Acordo para inclusión na próxima convocatoria (decembro 2021) -> Efectos 1/1/2022.
- Nivel 26.
- Trienios de persoal investigador:
 - Preacordo para aboamento do primeiro trienio con efectos de 1/7/2022.
 - Revisable para adiantar a data de efectos no acordo final (a asinar en xuño 2022).
 - Cantidades previstas no Convenio Colectivo para o PDI laboral.
 - Tempo parcial: proporcional á dedicación.
 - Inclusión na Normativa de PDI laboral en desenvolvemento.
- Pendente próxima lexislatura (parece viable con efectos de 1/1/2023):
 - Aboamento do resto de trienios do persoal investigador.
 - Negociación trienios do resto de persoal.
- Nas enquisas de avaliación docente, informa sobre os cuestionarios recollidos nos últimos tres anos, así como o profesorado e as materias avaliadas, amosando a evolución do promedio da Universidade.

3. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021.

O reitor cede a palabra á xerente que expón, en primeiro lugar, a normativa vixente:

- Artigo 70 do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 48 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 19.un.1 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.
- Artigos 12.un e 36 da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.
- Artigo 2 do Real decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A continuación, a xerente resume os datos da oferta, que foi achegada coa documentación, así como a preceptiva autorización da Xunta de Galicia:

- Taxa de reposición (110 %): 12 prazas
- Estabilización de emprego: 58 prazas
- Persoal indefinido non fixo: 1 praza
- Promoción interna independente: 11 prazas

O total é de 82 prazas.

OPE 2021 Persoal administración e servizos

TAXA DE REPOSICIÓN	12
--------------------	----

TOTAL SUBGRUPO C1	2
-------------------	---



UNIVERSIDADE
DE VIGO

TOTAL SUBGRUPO C2	10
TAXA ADICIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL	58
TOTAL SUBGRUPO A1	11
TOTAL SUBGRUPO A2	4
TOTAL SUBGRUPO C1	11
TOTAL SUBGRUPO C2	32
PERSOAL INDEFINIDO NON FIXO	1
SUBGRUPO C2	1
PROMOCIÓN INTERNA INDEPENDENTE	11
SUBGRUPO A1	2
SUBGRUPO A2	8
SUBGRUPO C1	1
TOTAL	82(*)

(*) Reserva de prazas para persoas con discapacidade (artigo 48.2 da Lei 2 /2015): 6 prazas

- 4 prazas da escala auxiliar administrativa, subescala administración.
- 2 prazas da escala auxiliar técnica, subescala conserxaría.

Xoán Cebro intervén para indicar que houbo dúas reunións de negociación, malia que quere que conste a súa abstención neste punto, aínda que pide o voto a favor da OPE, explicando a continuación a súa postura, debida a como foi executada a taxa de reposición, pois enténdese que se comete un erro na aplicación da dita taxa aos distintos colectivos, considerando as vindeiras eleccións á reitoría e á representación sindical, pois non se corresponde cos acordos históricos ou a filosofía de anteriores equipos de goberno. Pensa que deberían sacarse a concurso todas as prazas de C2 das que dispoñemos e cre que será un atranco moi grande cara ás negociacións que deberá levar a cabo o vindeiro equipo de goberno e xerencial e que a decisión actual pagárase en negociacións futuras. Na OPE do 2022 verase este problema, na súa opinión, aínda que espera equivocarse. Reitera a súa abstención. María José Ríos Santomé subscribe as palabras de Xoán Cebro e manifesta a súa abstención. A xerente explica a súa postura detallando as prazas que se ofertan e agarda que Xan Cebro estea equivocado e non haxa problemas no futuro. Pensa que en novembro do ano que ven podarase sacar mais prazas de auxiliar administrativo. Xoán Cebro resposta que a partir da funcionarización todos os contratos se converten en funcionarios interinos, agás os que se manteñan como laborais fixos. Na súa opinión, o asunto é de moito calado á hora de futuras negociacións, aludindo ao seu coñecemento previo do contexto. Xoán Cebro non está



de acordo co argumento manexado polo comité de empresa que leva a tomar esta decisión e pasa a explicar por que o ve así, aínda que respecta o acordo.

Procédese á votación:

- Votos favorables: 39
- Votos negativos: 0
- Abstencións: 2

Apróbase a OPE do PAS coas dúas abstencións indicadas e os demais votos favorables.

4. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2020, e da creación de prazas correspondente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (VOAP) que sinala o cadro do número de prazas segundo áreas, por departamento e campus, que foi achegado coa documentación.

1 Astronomía e astrofísica (038) Física aplicada (T08) VIGO

1 Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica (065) Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción (T05) VIGO

1 Dereito administrativo (125) Dereito público (X03) OURENSE

1 Ecoloxía (220) Ecoloxía e bioloxía animal (C04) VIGO

1 Economía aplicada (225) Economía aplicada (X06) VIGO

1 Economía financeira e contabilidade (230) Economía financeira e contabilidade (X07) VIGO

1 Edafoloxía e química agrícola (240) Bioloxía vexetal e ciencias do solo (C02) OURENSE

3 Enxeñaría eléctrica (535) Enxeñaría eléctrica (T02) VIGO

2 Enxeñaría telemática (560) Enxeñaría telemática (T13) VIGO

1 Estatística e investigación operativa (265) Estatística e investigación operativa (C05) PONTEVEDRA

2 Estatística e investigación operativa (265) Estatística e investigación operativa (C05) VIGO

1 Estratigrafía (280) Xeociencias mariñas e ordenación do territorio (C10) VIGO

1 Física da terra (398) Física aplicada (T08) OURENSE

1 Fisioloxía vexetal (412) Bioloxía vexetal e ciencias do solo (C02) VIGO

- 1 Fundamentos da análise económica (415) Fundamentos da análise econ. e historia e institucións econ. (X08) OURENSE
- 2 Lingüística xeral (575) Tradución e lingüística (H12) VIGO
- 1 Matemática aplicada II (596) Matemática aplicada II (T17) OURENSE
- 2 Nutrición e bromatoloxía (640) Química analítica e alimentaria (C07) OURENSE
- 1 Organización de empresas (650) Organización de empresas e márketing (X09) VIGO
- 1 Química analítica (750) Química analítica e alimentaria (C07) VIGO
- 1 Química física (755) Química física (C11) VIGO
- 1 Química inorgánica (760) Química inorgánica (C09) VIGO
- 1 Química orgánica (765) Química orgánica (C12) VIGO
- 1 Teoría do sinal e comunicacións (800) Teoría do sinal e comunicacións (T14) VIGO
- 1 Xenética (420) Bioquímica, xenética e inmunoloxía (C03) VIGO

Apróbase, por asentimento, a selección de áreas de coñecemento.

- 5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2020, e da creación de prazas correspondente.**

O Reitor cede a palabra ao VOAP quen indica o seguinte cadro:

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS
1	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica (065)	Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción (T05)	VIGO
1	Comercialización e investigación de merc. (095)	Organización de empresas e márketing (X09)	VIGO
2	Debuxo (185)	Debuxo (H09)	PONTEVEDRA
1	Educación física e deportiva (245)	Didácticas especiais (X05)	PONTEVEDRA



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1	Enxeñaría mecánica (545)	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos (T03)	VIGO
1	Enxeñaría química (555)	Enxeñaría química (T04)	VIGO
2	Enxeñaría telemática (560)	Enxeñaría telemática (T13)	VIGO
1	Estatística e investigación operativa (265)	Estatística e investigación operativa (C05)	VIGO
1	Explotación de minas (295)	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente (T06)	VIGO
1	Filoloxía alemá (320)	Filoloxía inglesa, francesa e alemá (H04)	VIGO
1	Filoloxía inglesa (345)	Filoloxía inglesa, francesa e alemá (H04)	VIGO
1	Física aplicada (385)	Física aplicada (T08)	VIGO
1	Lingua española (567)	Lingua española (H10)	PONTEVEDRA
1	Lingua española (567)	Lingua española (H10)	VIGO
3	Linguaxes e sistemas informáticos (570)	Informática (T15)	OURENSE
1	Linguaxes e sistemas informáticos (570)	Informática (T15)	OURENSE
2	Mec.de medios cont.e teoría das estrut. (605)	Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción (T05)	VIGO
1	Organización de empresas (650)	Organización de empresas e márketing (X09)	OURENSE
1	Organización de empresas (650)	Organización de empresas e márketing (X09)	VIGO
1	Personalidade, aval.e trat. psicolóxicos (680)	Análise e intervención psicosocioeducativa (X01)	OURENSE
1	Teoría e historia da educación (805)	Análise e intervención psicosocioeducativa (X01)	OURENSE
1	Tradución e interpretación (814)	Tradución e lingüística (H12)	VIGO

Apróbase, por asentimento, a selección de áreas de coñecemento.

6. Aprobación, se procede, da convocatoria de selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas Ofertas de Emprego Público da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen explica o seguinte:

Prazas: 11 TU (2021)

Requisitos:

- Dispoñer da acreditación da ANECA como profesor/a titular de universidade.
- Dispoñer da acreditación I3.
- Ser ou ter sido investigador/a posdoutoral dalgún dos programas recoñecidos ou equiparados nas convocatorias I3 e que a data de finalización deste sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2022 (sen considerar as prórrogas a consecuencia da pandemia da covid-19).
- Ser ou ter sido, durante polo menos dous anos, persoal investigador distinguido a tempo completo na Universidade de Vigo.
- Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.
- Non poderán participar aquelas persoas que finalizasen voluntariamente a súa relación contractual coa Universidade de Vigo antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Criterios (prelación):

- En primeiro lugar, adxudicaráselles as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que estiveran contratadas no programa Ramón y Cajal.
- As prazas restantes adxudicaráselles ás persoas solicitantes con acreditación a profesor/a titular de universidade seguindo a prelación marcada pola data da dita acreditación.
- En caso de igualdade no criterio anterior, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dun departamento da Universidade de Vigo
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.

Prazo: do 1 ao 17 de decembro 2021

Marta Pazos pregunta se hai un erro nunha das datas, e que se trata de 1 de xaneiro do 2022. Manolo Ramos indica que así é, o correcto é 2022.

Apróbase, por asentimento, a convocatoria.

7. Aprobación, se procede, da modificación dos títulos de Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada e Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen indica a que títulos corresponden as modificacións para cumprir os requisitos asociados á consecución da Mención de Excelencia da Xunta de Galicia:

- Mestrado universitario en biotecnoloxía avanzada
- Mestrado universitario en tradución para a comunicación internacional

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado detalla en que consisten as concretas modificacións, que estiveron en exposición pública.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas.

8. Acordo, se procede, para a equiparación do salario dos investigadores Ramón y Cajal ao da figura de contratado/a doutor/a.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a explicar a proposta, que conta co acordo unánime da mesa de negociación e consiste basicamente en equiparar a retribución salarial de todas as persoas investigadoras Ramón y Cajal á da figura de profesorado contratado doutor, mantendo as mesmas condicións económicas que as persoas investigadoras distinguidas da Universidade de Vigo, co obxecto de que esta transición non supoña un empeoramento das súas condicións salariais. Manuel Ramos apunta que inicialmente se levou á mesa como resolución reitoral, pero que finalmente se decidiu traelo como acordo do Consello de Goberno,

Acórdase, por asentimento, a equiparación proposta.

9. Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo, que compoñen as Comisións de Avaliación da III Convocatoria do Programa Docente.

O reitor informa das persoas coas que contactou previamente a Área de Calidade para facilitar o seu consentimento.

Ámbito Científico		
posto	nome	perfil
PRESIDENTE	Muñoz López, Luis	PDI
VOCAL UVIGO 1	González Represas, Alicia	PDI
VOCAL UVIGO 2	Pombal Diego, Miguel Ángel	PDI



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ALUMNO/A	Soto Vázquez, José Luis	Alumnado
Ámbito Humanístico		
posto	nome	perfil
PRESIDENTE	Domínguez Castro, Luis	PDI
ALUMNO/A	Fondo Ferreiro, Pablo	Alumnado
Ámbito Tecnolóxico		
posto	nome	perfil
PRESIDENTE	Vázquez Dorrió, José Benito	PDI
VOCAL UVIGO 1	Goicoechea Castaño, Maria Iciar	PDI
VOCAL UVIGO 2	Area Carracedo, Iván Carlos	PDI
ALUMNO/A	Ramos Vázquez, Antonio Manuel	Alumnado
Ámbito Xurídico-Social		
posto	nome	perfil
PRESIDENTE	Otero Neira, Carmen	PDI
VOCAL UVIGO 1	Diz Comesaña, Eva	PDI
VOCAL UVIGO 2	Gutiérrez Santiago, Alfonso	PDI
ALUMNO/A	Iglesias Allica, Malena	Alumnado

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que debe haber un representante sindical con voz e sen voto pero haberá contactos coa parte social para que os nomeen.

Son nomeadas todas as persoas propostas.

10. Nomeamento dos representantes do alumnado na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

O reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas

- Juan Jesús Rico Fuentes
- Paula Gil Hidalgo
- Iván González Muñiz

O secretario xeral aclara que este punto xa se trouxo ao derradeiro Consello de Goberno.

Como coincide co número de prazas dispoñibles, non é necesario facer eleccións, sendo elixidas as persoas propostas.

11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
- Investigación: 1 estudante.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non é necesario facer eleccións.

12. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante.

O reitor informa de que se presentou a seguinte candidatura: Antonio Manuel Ramos Vázquez

Como coincide co número de prazas dispoñibles, non é necesario celebrar eleccións, sendo elixida a persoa proposta.

13. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante.

O reitor informa de que se presentou a seguinte candidatura: Alexo Breogán Riobóo Lois.

Como coincide co número de prazas dispoñibles, non é necesario celebrar eleccións, sendo elixida a persoa proposta.

14. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non é necesario facer eleccións.

15. Quenda de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións.

Pedro Carro indica no chat “Dende o Ceuvi nos gustaría solicitar publicamente un axuste do presuposto disposto para levar a cabo as nosas funcións, xa que no ano actual esta cantidade foi insuficiente e tivo que facerse un esforzo improvisado dende a vicerreitoría de Estudantes. E para o ano que ven, pese a haber unha estimación de aumento de gasto moi grande ao supoñerse unha redución das limitacións debidas á COVID e ao haber eleccións, se nos propuxo manter esa mesma cantidade xa insuficiente este ano. Para poder levar a cabo as nosas funcións de representación



necesitamos ter un presuposto acorde ao do resto de Universidades de España seguindo os acordos aprobados en CREUP. Gustaríanos poder ter resposta ao presentar estas inquiredanzas ás vicerreitorías correspondentes, e poder ter unha reunión presencial antes de rematar o ano”. O reitor concorda en ter a reunión presencial e falalo. Pedro Carro o agradece.

Xoán Cebro solicita a execución da sentenza do TSXG relativa ás baixas e que se pague con efectos retroactivos ao persoal. Xa se fixo nos niveis 16 ao 20. Quere que se tome a medida de oficio por parte do Servizo de Retribucións. Afecta tanto ao PDI como ao PAS en IT. Entende que é un dereito como funcionario en servizo activo. Por outra banda, rematado o proceso de funcionarización, quere que se axilicen os trámites para que o persoal cobre canto antes. Tamén fala de futuras negociacións sobre os concursos e a estabilización do persoal interino. A xerente comenta que a sentenza non está tan clara como di Xoán Cebro e que se estudará desde a Xerencia e que pedirán o correspondente informe á Asesoría Xurídica. Por outra banda, indica que estase a axilizar a implementación do proceso de funcionarización.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 11:03 h do día 30 de novembro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral